

# **ASEMBLEA XERAL DE PROXECTO CÁRCERE**

**Xoves 25 de abril. Café Universal.**

Asisten: Tono, Manuel Monge, Pepe, Patxi, Lydia, Susana C., Susi4, Carmen, Laura.

- **Asistencia á xornada da AGPXC**

É unha xornada de traballo da Asociación Galega de Profesionais da Xestión Cultural. O 6 de maio no Ágora da Coruña. Irá Tono.

- **Casa Tomada**

Enviárase mail ó grupo coordinador coas datas de xuntanza da Casa Tomada, e os datos de contacto para quen queira ir colaborar na rehabilitación.

Estamos pendentes dunha reunión de ambos grupos para definir mellor o papel de PC dentro de Casa Tomada.

- **BIC**

Intentaremos reunirnos con Martín Prado para falar dos avances do Concello con respecto a facerse co cárcere.

A declaración de BIC pode ter máis limitacións que vantaxes cara un futuro uso. Susana C. ocúpase de mirar as implicacións máis polo miúdo. Ademáis pediráselle PDF a Carril, e pódese contactar coa xente da Panificadora de Vigo, que están intentando conseguilo.

- **Manifesto**

Sobre lugares, datas e cartelería necesaria para levar o manifesto á rúa, informarase por mail ó grupo coordinador.

A primeira data será o sábado 4 de maio, na zona do Obelisco. Solicitarase permiso ó Concello.

Seguinte data posible: sábado 11 de maio, na feira de economía social. Hai que poñerse en contacto con Zocamiñoa.

Consultar o día do Parking Day. Unha posibilidade é pagar ORA e empregar o espazo para o que nós queiramos.

Enviarase mail ás asociacións que aparecen na listaxe do Concello da Coruña, e ás que sexan propostas no mail de PC.

O día de presentación e lectura pública do manifesto será o 28 de xuño, ou data próxima.

- **Grupos de traballo**

**Radio:** remataron os programas aos que se tiña dereito polo premio. Acórdase seguir coa emisión de 2 programas por mes, que será pagada cos fondos de PC (12,50€/mes).

**Comunicación:** ocuparase de preparar as presentacións para asociacións.

**Proxectos similares:** -

**Transibérica:** a acta do encontro de Bilbao está dispoñible na Wiki. Valórase a posibilidade de asistir a “Ens toca! Recuperar o espazo público a través da cultura”, organizado por Ateneu Santboià en xuño. Hai que consultar se poderíamos facer unha presentación de Proxecto Cárcere.

**Financiamento:** propostas de financiamento da plataforma – obradoiro de camisetas en xuño, participación no mercado Soho Orzán, facer tazas de PC, caramelos da Torre, organizar sesións vermú en bares. Nestas últimas poderíanse incluír proxeccións, actuacións musicais, etc. Hai que localizar todas as chapas e camisetas.

Carmen propón facer unha obra de microteatro.

\*Plantéxase a necesidade de realizar un orzamento do que costaría poñer o cárcere a andar, ou polo menos do que custaría limpar as cubertas. No futuro é posible que volte o grupo de infraestruturas.

- **Actividades de xuño**

As actividades principais son: lectura do manifesto (falar con Rivas) e exposición de Jail Art.

Outras actividades: obradoiro de reciclado de camisetas, visitas guiadas.

Propostas: concertos, videoproxeccións (algo feito polo barrio?).